



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 30 DE MARZO DE 2021

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria ordinaria que terá lugar de xeito telemático por videoconferencia, o próximo martes 30 de marzo de 2021 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo de realizar a sesión de xeito telemático por videoconferencia é debido a unha adaptación ás últimas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en materia de protección fonte á Covid-19.

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. *Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.*
2. *Contestación recurso reposición á relación de postos de traballo do concello de Betanzos*
3. *Aprobación das subsanacións realizadas na solicitude de participación no POs + 2021 e nos proxectos presentados*
4. *Alegacións ao orzamento 2021*
5. *Moción do BNG sobre o peche de oficinas bancarias*
6. *Moción do BNG sobre o by-pass de Infesta*
7. *Moción do PSOE sobre inclusión proxecto fondos Next Generation*
8. *Moción do PP para comparecencia do concelleiro delegado de obras*
9. *Moción do PP sobre adopción de medidas en relación á crise do Covid-19*
10. *Rogos e preguntas*



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

O Secretario

María Barral Varela

Adrián J. Márquez Caramés